



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

c97scq10.doc

SANTIAGO DE COMPOSTELA 25.07.1997, 17 HORAS

NO DÍA DE GALICIA DE 1997

por

MANUEL FRAGA IRIBARNE
Presidente da Xunta de Galicia

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia,
Sr. Delegado do Goberno,
Autoridades e representacións,
Miñas Donas, meus Señores:

I

Sabido é que a gobernación proporciona ós líderes parcos momentos de xúbilo. Máis contados aínda son aqueles que poden seren compartidos por persoas externas ós círculos curtos de seu que forman os familiares, os amigos, ou os compañeiros de profesión, clube ou partido. Por iso son tan gratos os escasos intres



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

de gozo que posúen a virtude da comunión na alegría de tódalas persoas que viven nun país.

Éste é un deses días magníficos, pois que tódolos galegos coincidimos en que Santiago é todo aquelo que celebraba o poeta Martín Torrado¹ cumplidamente en 1652: o

*Santo da barba dourada,
vello honrado, gran patrón;
raio, fillo do trebón,
capitán da roxa espada;
señor da cruz colorada,
valente e forte guerreiro,
a quen todo o mundo enteiro,
polo mar e pola terra,
chama na paz e na guerra
Santiago o bó cabaleiro.*

É así o Día de Santiago unha das datas marabillosas, nas que todos aparcamos as rifas; un deses raros días fastos, en que a felicidade de cada galego non resta nada á dos demás; senón que, ó contrario; o xúbilo de cada quén aumenta e multiplica o de tó-

¹ Martín TORRADO, "Décimas ó Apóstolo Santiago", *Escolma da literatura galega. Poesía I.* (Silverio Cañada Ed., Santiago de Compostela, Gran Enciclopedia Galega, 1986. 340 pp.) 316.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

dolos que o arrodean... que non son poucos nas varias e sucesivas ceremonias que xalonan a festividade.

Delas, algunhas teñen unha antigüidade milenaria. Así, as relixiosas que xiran arredor do seu centro propio que é a misa maior na catedral, celebrada sobre o sartego que garda as cinzas do noso Santo Patrón e solemnizada có incenso do botafumeiro, e a música das roucas chirimías. Esas solemnidades grandiosas que xa eran antigas cando as fixou por escrito o *Códice Calixtino* no século XII, nos cinguen como pobo coa longa soga dos tiraboleiros e fannos sentir a doce escocedura da solidariedade.

Outras desas ceremonias son só centenarias: así, a Ofrenda a Santiago que se enmarca na devandita concelebración relixiosa, presentada polo propio Rei de España ou por un delegado rexio da Súa Maxestade, que este ano tivemo-la dita de que fose unha Infanta de España: a Duquesa de Lugo, D^a Elena, a súa filla. Dese mesmo corte son tamén as festas públicas artelladas coas correspondentes procesións cívico-relixiosas e con toda clase de espectáculos recreativos e culturais, como os que se artellan en Com-



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

postela e noutras moitas cidades e vilas de Galicia; e de fora dela, con tal de que haxa un grupo de galegos alí establecidos.

E outras desas ceremonias, en fin, como a Misa votiva e a Ofrenda Floral no Panteón de Galegos Ilustres de San Domingos de Bonaval, agromaron no século que está a se acabar, e son unha das tradicións que nós mesmos deixamos ó cuidado dos galegos do século XXI.

Entre estas últimas ceremonias sociais recentemente establecidas está a que celebramos agora, que ten por obxecto principal o de publicar a solemne e cordial felicitación do Presidente a tódolos galegos e facer entrega das medallas Galicia do ano en curso. E niso estamos os que aquí nos encontramos, contentos coa mutua compañía...

II

Non poden estar aquí presentes en persoa tódolos nosos concidadáns. De seguro que sí o están todos en espírito: quero



XUNTA DE GALICIA


PRESIDENCIA

dicir, no espírito festivo da celebración do Día de Galicia que nos congrega. Moitos estarán noutro lado simplemente porque non poideron vir, e porque todos non podemos estar á vez no mesmo lugar. ¡Quén nos dera que tódolos galegos que viven espallados por Galicia e por outras terras dos cinco continentes poden desemos axuntarnos tal día coma hoxe! ¡Quén nos dera poder fundirmos nunha aperta, brindar co viño dun mesmo bocoi, bailala pandeirada nunha mesma praza, e canta-lo himno nun coro unísono!

;

¡Mágoa que unha tal xuntanza de todos nós non sexa posible posto que sumamos más de tres millóns de persoas, sin contar os de alén do mar! Pero esa mágoa ten algún remedio co apaño da representación, o grande invento achegado cando o crecemento das xentes fixo imposible a comunicación en concurrencia de presente de tódolos membros dun corpo social.

Cada ano, pois, convidamos a esta xuntanza a unha sobre representación do pobo galego. Por un lado, a formada polos elexidos para o Parlamento, as Diputacións e os Concellos, así como para claustros ou plenos de Universidades, Academias, Partidos,




XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Consellos, Sindicatos, Patronais e de tódalas demáis Asociacións e Fundacións vivas e actuantes na sociedade galega. É dicir, a tódalas persoas que representan con máis e mellores títulos a todo o pobo galego, sen excluir a ningúén ata onde o permiten as ineluctables limitacións de orde físico.

E logo, por outro lado, tamén se convida a título individual a certas persoas que forman un grupo moi especial, pois son as que foron distinguidas coa Medalla de Galicia. Estivo moi ben disposto que fose o Día de Galicia a data en que se entregasen ós respectivos designados as Medallas de Galicia con que o pobo galego distingue cada ano a unha selección de galegas e galegos que sobresaíron no ano anterior -e cáseque sempre nos precedentes, por veces durante lustros ou decenios- na realización de obras extraordinarias, ou na consecución de riquezas, ou no éxito en empresas que, en definitiva, reportaron bens, poderes e honores para Galicia.

A entrega das Medallas, coido que é un acto central do Día de Galicia; e que, dada a consonancia do acto co principio de pluralismo -que é a estrela polar ascendente no firmamento axiolóxi-



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

co dos tempos que se aveciñan- esta parte da cerimonia hase consolidar con toda ela, coma unha das más significativas e vivificadoras solemnidades públicas do país.

Así pois, non importa ren que este acto de rendir homenaxe solemne ós galegos que se destacaron por facer cousas grandes que reverten en fama e honra a prol de tódolos seus concidadáns constitúa unha celebración recente. Non podería ser anterior a 1981, posto que é un dos froitos da Autonomía que reconquistou Galicia nesa data 1981 coa promulgación do seu *Estatuto*. Pero, de certo que se asentará por moitos anos no calendario cívico.

III

Recibe este ano 1997 a Medalla de Galicia un grupo de institucións e persoeiros farto notables. Obrigado resulta adicar unhas verbas, aínda que señan mínimas, en gabanza e felicitación



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

das mulleres e homes hoxe honrados por todos nós, comenzando polas señoritas, por cortesía.

Elas son cinco, e a primeira é D^a *Ánxelos da Gándara* -*Chocha Bescansa* para os seus amigos, que somos cáseque todos- que tanto traballou pola Cruz Roxa Galega. Despois está D^a *Xulia Vaquero*, que ten recollidos para nós ducias de trofeos deportivos, e os ha seguir colleitando. E logo aí están D^a *Loliña Bóveda*, D^a *Maria Neyra*, e D^a *Toñi Vicente*. Velai tres grandes da nosa arte gastronómica; todas tres son beneméritas na restauración, industria coa que ten dado e seguirán dando creto foramontano á oferta turística galega.

A nosa cordial congratulación para as cinco donas, con noso desexo de que sigan brillando polos seus feitos na nosa convivencia moitos anos.

Felicitación inmediata merecen dous extranxeiros distinguidos polos servicios prestados a Galicia, ou a un colectivo numeroso de galegos co que o destino os puxo en contacto. Son eles D. *Michael Bowman*, de Dayton (Ohio), que está aportando unha




XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

colaboración valiosísima ó desenvolvemento do parque tecnolóxico de Galicia; e D. *Manuel Moreira Carrascal*, pontevedrés, galego de San Salvador (Bahía), que ten rendido innumerables servicios ós emigrantes galegos en Brasil impulsando e participando xenerosamente en múltiples iniciativas culturais e sociais en beneficio das nosas colectividades. Reciban ámbolos dous testemuña da nosa gratitud.

A alta movilidade dunha sociedade aberta como é a española posibilita o rico intercambio de persoas doutras rexións que se identificaron voluntariamente connosco e que se distinguiron sobranceiramente en traballar a prol deste terra. A este grupo pertencen outras cinco das persoalidades hoxe condecoradas. Son elas: O madrileño D. *Carlos del Álamo*, o home que tanto ten feito na conservación dos bosques e soutos de Galicia nesta última década. O manchego D. *Fernando Aldana*, gran impulsor dos recursos galegos na investigación dende os seus postos de responsabilidade en Washington, Bruselas e Madrid. O leonés D. *Manuel Robla*, gran animador das peregrinacións a pé polos diversos Camiños de Santiago. O navarro D. *José María Salgado*, factótum da sanidade humana e veterinaria license. E o cántabro



XUNTA DE GALICIA
—
PRESIDENCIA

D. *Francisco Traspuesto*, infatigable impulsor da industrialización de Vigo.

Recibide todos vos hoxe tamén os nosos parabéns e gratitudde pola vosa xenerosidade na atención e solución das nosas carencias.

Os restantes Medallas Galicia deste ano son galegos de nación e amosan, xunto coas cinco señoritas nomeadas, tamén elas naturais desta terra, que os galegos somos quen de destacar en tódalas artes, industrias e profesións da vida social, dentro e fora do noso solar.

Velai están os animadores sociais e deportivos como os Señores *Guillín Pérez* e *Quintá Alfaya*; os arquiveiros abnegados, como o coengo *Cal Pardo*; os científicos inventores, como o Professor *Hernández Sande*; os empresarios polifacéticos e filántropos como o son os Señores *Martínez Cortiña*, *Viaño García*, e *Zapata Cubeiro*; os humoristas de calidade abraiante, como *Siro*; ou os restauradores acreditados como D. *Euloxio Xestal*.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Galicia se sinte satisfeita de tanto como todos vós tedes feito, e moi ben feito, por ela: e agarda que continuedes colleitando trunfos e acadando éxitos para tódolos galegos.

IV

E iso mesmo é o que degora para as outras mulleres e homes que dirixen ou administran con esforzo ás institucións premiadas coa mesma Medalla. Éstas foron seis.

A primeira delas é a *Congregación das Irmanciñas dos Ancianos Desamparados de Galicia*, unha asociación canónica que vive de modo heroico a virtude da caridade baixo a regra de Santa Teresa Jornet. Atenden uns dous mil cincocentos vellos ó ano e como levan connosco un século cumplido, pois deben haber amparado arredor dun cuarto de millón de persoas. Que Deus volo pague.

A segunda institución condecorada é unha asociación civil brasileira, o *Centro Español e de Repatriación de Santos*. Mántén aceso o facho da galeguidade para máis de tres mil socios,



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA

galegos de primeira ou segunda xeneración. E coas cuotas de seiscentos atende humanitariamente anualmente a douscentos necesitados. Felicitamos a D. Xoaquín Barrio o seu actual presidente e a todos os que con el manteñen operante obra tan benemérita. (Méndez Nuñez).

As outras catro institucións distinguidas son empresas industriais establecidas en Galicia.

Dúas delas son empresas cooperativas. Se trata da *Adega Santa María dos Remedios*, de Larouco; e da *Adega Virxe das Viñas*, de A Rúa. A primeira agrupa uns catrocentos colleiteiros de uva. A segunda, coordina a produción dun milleiro de socios. Ámbalas dúas son unha magnífica mostra da nosa agroindustria vitivinícola, e, a máis de bós viños brancos, xa lograron tintos galegos acreditados, cousa que parecía inacabable fai só uns poucos anos.

As outras dúas empresas premiadas son grandes sociedades anónimas industriais. Unha delas é *Hijos de Rivera*, a firma que fabrica en A Coruña e comercializa por toda España a cerveixa



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA

galega *La Estrella de Galicia*. A actual gran empresa acumula o traballo e o aforro de tres xeneracións: de *José María Rivera Corral*, o emigrante coruñés que acadou fortuna en México e que tornou en 1906 á súa cidade natal para invertila; de seu fillo *Ramón Rivera Illade* e *Josefina Riguera* a súa dona; e dos dous fillos destes, *José María e Ramón Rivera Riguera*.

Éstas sagas familiares -nas que brillan as virtudes da labiosidade, o aforro, a continuidade e a productividade- foron outrora frecuentes nesta terra. Oxalá volvan a selo nos nosos días para ben do noso país.

V

Finalmente, a empresa premiada coa Medalla Galicia de Ouro de 1997 é *Citroën Hispania*. Instalouse esta empresa en Vigo fai corenta anos como unha modesta filial da francesa *Automóviles Citroën* e agora é a segunda fábrica no rango da rede mundial de Citroën. O explica un balanzo admirable.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA


Os Fondos Propios ascenden á cantidade de oitenta e nove mil oitocentos millóns de pesetas.

A súa facturación anual ascende a máis de catrocentos mil millóns de pesetas, cun cashflow de aproximadamente catorce mil millóns de pesetas.

Emprega directamente a unhas oito mil persoas, e invierte en Vigo tódolos anos máis de doce mil millóns de pesetas.

Citroën fabrica en Vigo, vende en Galicia e España, e exporta, catro modelos de Automóviles: a furgoneta C-15, o popular ZX que xa é un dos nosos logotipos industriais enxebres, e nos novos vehículos polivalentes-multiusos Citroën-Berlingo e Peugeot-Partner, tendo iniciado xa a fabricación dun novo vehículo o Citroën Xsara.

Varios destes vehículos fabrícanse en Vigo, en exclusiva, para todo o mundo.



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA

Loxicamente, Citroën é a primeira compañía industrial de Galicia, e o centro de traballo máis importante do sector privado asentado no noso país. En torno a ela surdiu todo un “Cluster” do automovil, formado polas numerosas sociedades que poideron desenvolver técnicas dun alto nivel en diversas especialidades

E por tanto, con esta condecoración que é a máxima que pode conceder, Galicia agradece o labor que aquí desenrolan os traballadores e os cadros dirixentes -e ó fronte deles o Sr. Avogado D. François Cusey- así como os administradores desta empresa, comenzando polo Presidente do Consello de Administración D. *Ignacio Bayón*.

A quen entregamos a Medalla de Ouro de Galicia coa esperanza de que este recoñecemento anime a todos eles a continuar acadando éxitos empresariais.

E para que *Citroën Hispania* ha servir de modelo a imitar por outros empresarios que queran apostar polas enormes posibilidades industriais que xa ofrece o noso chan, unha vez realizada a parte fundamental da renovación das infraestructuras das co-



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

municións de persoas e mercadurías e da revolución dixital nas comunicacións de verbas e imaxes.

VI

O día de Galicia é, Señoras e Señores, a data en que os gallegos celebramos a nosa primeira festa, a que nos axunta a todos sen exclusivismos: ós presentes e ós ausentes; ós vivos e ós mortos. O Día de Galicia é, por tanto, día axeitado para lembrar ós ausentes.

Lembremos pois, en primeiro lugar, ós que se foron xa para sempre, ós amigos e familiares que nos deixaron dende o anterior Día de Santiago... Se outros días os lembreamos quizais con morriña, hoxe cumple que os recordemos con alegria, confortados na firme esperanza de que o noso Apóstolo, que foi o Amigo do Señor, nolos gardou a salvo, e de que os voltaremos atopar un día noutro mundo máis fermoso.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Lembremos en segundo lugar a tantos que simplemente non están aquí porque , aproveitaron este mes de xullo para facer turismo fora da terra, alén portos, ou alén mares. Lles acompaña o noso desexo de que atopen uns bos días de lecer.

E lembremos en fin ós que non están porque non poden; que, como dixo Curros,²

*aquel que deixa seu natal curruncho
e fora dos seus eidos pon os pés,
cando troca o seguro polo incerto,
¡motivos ha de ter!*

Lembremos entón ós que emigraron a terras próximas ou remotas por razóns laborais, comerciais ou profesionais. Para eles é a nosa más afectuosa aperta. Ogallá que hoxe estean ledos todos eles, comungando connosco e coa terriña. Que inda que esteamos en festa, iso non exclúe o deber, nin borra a conciencia do compromiso que mantemos de face-lo posible ¡e máilo imposible tamén! para mellora-la economía desta terra, hasta que só emigre dela quen o faga por conveniencia ou por aventura, mais non por necesidade.

² *Escolma da literatura galega. Poesía. 2* (Silverio Cañada Ed., Santiago de Compostela, Gran Enciclopedia Gallega, 1986. 476 pp.) 53.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

VII

Con referencia a esto último, cumpre dicir que inda que a salutación presidencial do Día de Galicia non constitúe momento adecuado para facer análises complexos do moito que queda por facer para situar á nosa terra onde queremos todos poñela -que é antre as primeiras rexións europeas en desenvolvemento e calidade de vida-, tamén o voso Presidente debe cumplir coa obriga que ten de reiterar, quer oportuna quer inoportunamente, un chamamento a tódolos galegos para que fagan canto podan a respecto de acada-las dúas metas más acuciantes das que trascenden ó interés individual de tódolos galegos, que son a *natalidade normal* e o *pleno emprego*.

Cumpre aumenta-la natalidade con miras a incrementa-la poboación de Galicia. Oxalá que este día da nosa festa maior marque o inicio dunha recuperación da natalidade galega, un asunto no que nos xogamos a supervivencia como pobo... O pido respectando a libertade de todos e de todas: pero con moita fe



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA

posta no bendito idealismo con que os xoves saben asumiren sacrificios de fondo calado humano, e na probada xenerosidade dos nosos mozos e mozas.

E cumpre conseguir tamén un aumento no número das empresas e unha alza da productividade dentro delas, con miras a disminuí-lo paro, e a mellora-la calidade de vida de todos, especialmente dos que ocupan as camadas sociais menos desenvolvidas ou más desafortunadas. Hoxe é día adecuado para pidir sinxelamente ás organizacións patronais e sindicais -e sobre todo a cada empresario e a cada traballador individualmente- que continúen no bó camiño emprendido últimamente de dialogar, de consensuar, de evitar conflictos, e de acadar acordos satisfactorios cós que conseguir eses dous obxectivos esenciais: o incremento de contratacións permanentes e das altas nas cotizacións á seguridade social; e á vez, o aumento da productividade e do noso producto interior bruto.

Moitas outras metas colectivas puntuais temos de conseguir no futuro inmediato. Pero as deixo para o afán de cada día e para o debate público. Entretanto, teñámo-la festa en paz hoxe, que un



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA

pouco de festa de cando en vez nunca se soubo que danase a ningúen.

VIII

O Día de Galicia é, en fin, un día moi axeitado para facer xuntos autoafirmación colectiva como pobo, como terra, como cultura, como lingua. Sen complexos. Sen desafíos. Pero con rotundidade.

Os tempos ruíns do encollemento, se os houbo, xa pasaron. Pasaron, gracias a Deus e a Santiago. E tra-lo espertar do Fogar de Breogán que significou a Autonomía, esta Galicia de 1997 non é a xa para nada a

*Galicia a inmóvil,
lonxana, envisada,
soñando, diante dun relox de pedra
que un sol esmacegado move...*

Non existe xa -se realmente existiu outrora fora da imaxinación poética de almas hipersensibles- aquela Galicia. Xa non hai motivos para que se fale -nun en verso tan siquer- desa Galicia das

toscas mulleres



*agardando sempre
diante dun mar tebregoso...*

que matinaban e maldicían poetas como Lois Pimentel.³

IX

Aquela bela durminte, señoras e señores, espertou, e agora non anda, senón que corre por autopistas da información e da automoción. A conxuntura é excelente, por fortuna. Moitas boas noticias nolo avisan de cotío. Aa millores de todas, as moi recentes encol de que o paro descendeu aquí en cásque doce mil persoas no primeiro semestre deste ano, e de que a natalidade comenzou a ascender unhas décimas no mesmo periodo.

Galicia converxe cara Europa éstes últimos anos gracias ó esforzo de todos: gobernantes, parlamentarios, conselleiros dos consellos, patróns das fundacións, empresarios, funcionarios e , sobre todo, dos traballadores da construcción, da industria, da gandeiría, da pesca, etc. etc.,

³ Lois PIMENTEL, "Galicia", *Ocho siglos de poesía gallega. Antología bilingüe* (Carmen Martín Gaite e Andrés Ruiz Tarazona Eds., Madrid, Alianza , 1972. 474 pp.) 361.




XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Iso que parece un miragre puido ocorrer gracias a moitos factores que se resumen na estabilidade política, no consenso social, no incremento da nosa productividade, na capitalización da nosa economía, e no progreso técnico incorporado ó aparello productivo. As bases do noso crecemento son reais e sólidas. Están nas novas infraestructuras terrestres, nas novas telecomunicacións e nuns programas de I+D de tal montante que con eles Galicia acadou por primeira vez a media española. As telecomunicacións en particular son un factor estimulante do desenvolvemento e do crecemento de tal magnitudo que só temos que aproveita-la oportunidade, e non derramala por culpa de inoportunas discordias, desidias ou apoucamientos.

Os cento trinta mil teléfonos instalados nas zonas rurais estes últimos anos; a universalización da rede dixital de servicios integrados; as numerosas obras executadas en estructuras portuarias e outras instalacións pesqueiras e náuticas, e na renovación do transporte público, e noutras novedades similares aumentaron a calidade de vida da inmensa maioría dos galegos, pola fluidez que ofrecen ás relacións humanas e ás transaccións laborais ou



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

comerciais, pequenas e grandes. ¡Que ninguén deixe de aproveitar tan favorable concxuntura para erguer máis á nosa terra!

¡Botemos ilusión á tarefa de deixar ós nosos fillos unha Galicia mellor! Non outra, senón a de sempre, a eterna: pero renovada nas súas estructuras económicas e materiais. A revolución informativa dixital permite unha sociedade interactiva multimedia nos fogares, que fai doada e natural a descentralización, e que posibilita os cambios organizativos suficientes para evitar as peores consecuencias da revolución industrial e das economías ríxidas estatalizadas. E iso nos brinda a oportunidade única de conserva-lo medio ambiente, a paisaxe, e o inmenso patrimonio arquitectónico que nos legaron os ancestros, e de restauralo; e de aumentalo con produccíons e creacións tan boas e mesmo melhores que as recibidas. ¡E sobor de todo de comunicalo e facelo aprezar por todos os outros pobos! .

E máis nada, agás felicitar de novo ós medallas Galicia de 1997, e a tódolos galegos.

¡Boas festas e de hoxe nun ano!